

CONCELLO DE SOBRADO

SEPARATA N. 10



## ÍNDICE

1.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO .....	1
1.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA.....	1
1.1.1.	CAMIÑO PARGA-BOIMORTO .....	1
1.1.2.	CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO .....	1
1.1.3.	CAMIÑO BAAMONDE – SOBRADO POR MIRAZ .....	2
1.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO.....	2
1.2.1.	O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA .....	2
1.2.2.	PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO.....	4
2.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL.....	4
3.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO .....	5
3.1.	CAMIÑO PARGA-BOIMORTO .....	5
3.2.	CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO .....	5
3.3.	CAMIÑO BAAMONDE – SOBRADO POR MIRAZ.....	6
4.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO .....	6
5.	ANEXO FOTOGRÁFICO .....	8
6.	ANEXO PLANOS.....	28

## 1. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

### 1.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado do Camiño do Norte no Concello de Sobrado pasa polo núcleo de A Ponte de San Pedro para continuar ata chegar á estrada AC-840 no núcleo de O Mesón, ao leste de A Ponte Présaras, continuando pola beiravía da estrada uns trescentos corenta metros ata coller un camiño á dereita no lugar chamado Os Feás. Nesta zona a estrada AC-840 sinala o límite municipal co concello de Boimorto, polo tanto ao abandonar a estrada o trazado sae tamén do termo municipal de Sobrado.

#### 1.1.1. CAMIÑO PARGA-BOIMORTO

##### Tramo Serra da Cova da Serpe – Monte da Torre

Tras cruzar a Serra da Cova da Serpe pola Pena do Foxo o trazado continúa por unha pista asfaltada ou por antigos camiños que van paralelos a ela, nunha paisaxe na que os prados alternan cas repoboacións forestais, pasando polas zonas chamadas Pena de Rañón, Outeiro das Pedras, Os Foros, Monte da Uceira, A Fraga, O Aguillón e Porto Paraños. Tras un percorrido duns catro mil trescentos metros o camiño chega ao núcleo de Paraños, e continúa bordeando o Monte da Carregosa ata Suavila, ao norte de Grixalba. Durante un treito duns douce mil catrocentos metros o trazado cruza unha nova zona de monte, pasando polo Monte da Ribeira, Alto da Lebre e Chousa da Ponte, ata chegar ao núcleo de As Cruces, no que prodúcese a bifurcación entre o tramo que vai por Sobrado e o que continúa pasando por Présaras en dirección a Boimorto.

Tras atravesar as Cruces o camiño continúa pola pista que cruza o Monte da Torre ata chegar ao límite co concello de Vilasantar, un quilómetro e medio mais adiante.

##### Trazado con vestixios históricos Pena do Foxo – O Aguillón

Entre Pena do Foxo, no come da Serra da Cova da Serpe e O Aguillón existen varios tramos do antigo camiño que seguen un trazado paralelo á estrada AC-8001. A caixa destes tramos é ainda identificable nalgúns puntos, namentres que en outros está totalmente invadida pola maleza. A meirande parte deste trazado figura nos planos do catastro como solo de propiedade pública polo que considerase que a súa recuperación podería resultar sinxela. Os tramos se sinalan como trazado con vestixios históricos, levándose o trazado do camiño pola estrada AC-8001, mentres non se proceda á súa recuperación.

##### Trazado con vestixios históricos Paraños – A Porta de Suavila

Entre Paraños e A Porta de Suavila, na parroquia de San Xulián de Grixalva existen vestixios dun antigo trazado que pasaba próximo á O Porto de Abaixo. Este trazado segue de maneira mais clara a lóxica dos camiños de longo percorrido, pero nalgúns puntos atopase completamente perdido. Tendo en consideración as referencias ao paso da ruta de peregrinación por Grixalva, adoptase como trazado do camiño ó da estrada situada ao sur, que atravesa Suavila e pasa mais próxima a A Pena Grande (San Xiao de Grixalva), sinalándose o tramo antes descrito como trazado con vestixios históricos.

##### Tramo Barcioi – O Mesón, A Ponte Présaras

O camiño que ven de As Cruces, tras percorrer durante un treito as parroquias de Santa María de Vilariño e San Pedro de Présaras no Concello de Vilasantar, volve a entrar no termo municipal de Sobrado nas proximidades do lugar chamado Fonte do Rego de Bouzas, por un camiño que leva a Barcioi. Despois de atravesar Barcioi a ruta segue pola zona chamada Pena das Cachoeiras e Monte Eitiridola. Durante case cincocentos metros segue o trazado dun camiño que sinala o límite entre os concellos de Sobrado e Vilasantar, ata chegar ao río Tambre.

Tras cruzalo río Tambre, o camiño pasa polo núcleo de A Ponte de San Pedro para continuar ata chegar á estrada AC-840 no núcleo de O Mesón, ao leste de A Ponte Présaras, continuando pola beiravía da estrada uns trescentos corenta metros ata coller un camiño á dereita no lugar chamado Os Feás. Nesta zona a estrada AC-840 sinala o límite municipal co concello de Boimorto, polo tanto ao abandonar a estrada o trazado sae tamén do termo municipal de Sobrado.

##### Trazado con vestixios históricos As Brañas da Torre (concello de Vilasantar) – Barcioi

Entre As Brañas da Torre, no concello de Vilasantar, e Barcioi atópanse os restos dun antigo camiño que atravesaba a zona denominada Chousa Grande, ao leste da Fonte do Rego de Bouzas. O tramo, que se sinala como trazado con vestixios históricos, pode identificarse con claridade sobre as fotos do voo do ano 1956 (voo americano) e polas pegadas da súa caixa existentes na zona.

O tramo, que cruza o límite entre os concellos de Vilasantar e Sobrado, percorre terreos que figuram nos planos do catastro como de propiedade particular, aínda que neles conservase tamén a súa imaxe a través das formas dos límites das parcelas.

Sesenta metros mais adiante do fin do anterior trazado existe outro resto do antigo camiño no interior dunha parcela de propiedade privada que salva o encontro estranho que se produce nese punto. O treito, de setenta e cinco metros, sinalase así mesmo como trazado con vestixios históricos.

#### 1.1.2. CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO

##### Tramo As Cruces – Sobrado

A variante que vai por Sobrado sae do oeste do núcleo de As Cruces por un camiño que pasa polo lugar de A Torre. Uns trescentos metros mais adiante continúa pola estrada AC-231 que une As Cruces con Sobrado. O trazado vai pola beiravía da estrada durante uns mil trescentos metros ata chegar a Carral, neste lugar a ruta segue por un camiño a dereita durante un quilómetro e medio. Tras pasar polo lugar de O Amilladoiro volve á estrada para cruzala na zona chamada As Xesteiras, seguindo por un camiño que vai entre a Casa do Gado e a estrada, polo lugar chamado As Casiñas, ata chegar ao núcleo urbano de Sobrado, entrando polo extremo norte da praza que da acceso ao mosteiro.

##### Trazado complementario O Amilladoiro – Sobrado por A Albariza

Entre O Amilladoiro e Sobrado existe outro trazado vinculado á tradición de que os peregrinos pobres tiñan que lavarse na Fonte das Angustias antes de poder hospedarse gratuitamente no mosteiro. O trazado do tramo segue o do camiño tradicional que chega a O Amilladoiro, unha vez atravesada a pista que leva á estrada AC-231. O camiño desemboca nunha pista asfaltada que leva ao Campo Francés. Neste punto o trazado desvíase de novo pola pista da esquerda que leva ao núcleo de A Albariza. O camiño atravesa o núcleo, pasando xunto á fonte das Angustias e ao cruceiro situado ao carón desta, continuando ata a praza situada no centro do núcleo urbano de Sobrado.

##### Tramo Sobrado – Pena de Madelos

O camiño sae da praza que da acceso ao Mosteiro de Sobrado seguindo o trazado da estrada AC-231, cento cincuenta metros mais adiante desvíase a dereita pola rúa que bordea polo norte e o oeste os antigos terreos do mosteiro nos que na actualidade se atopan diversos equipamentos públicos como o centro de saúde e a piscina municipal, e as antigas casas sindicais. Despois de bordear o antigo perímetro do muro do mosteiro a rúa desemboca na estrada AC-934 xunto ao colexi Virxe de Portal, abandonando o núcleo urbano. A continuación pasa ao sur de O Castro e a trescentos setenta metros antes de chegar a núcleo de A Acea continúa por unha pista que tras cruzala ponte sobre o río Tambre segue polo núcleo chamado A Pontepedra. Mais adiante bordea polo norte Vilarchao para seguir polo Coto da Raposeira e polo Cruceiro ata chegar ao núcleo de O Peroxil. Despois deste núcleo tras cruzar a pista que leva a Campelos o camiño volve á estrada AC-934 no lugar de Castro, para continuar por ela durante uns cen

metros. O trazado segue por unha pista á dereita que bordea o Castro de Castronelas e atravesa o lugar de A Igrexa. Tras pasar xunto ao núcleo de A Casanova o camiño segue polo sur do castro da Roda de Froxá. Continúa polo sur da zona chamada A Gandatra, bordea o núcleo de Madelos e segue ata chegar ao límite co concello de Boimorto, ao sur do castro da Roda de Madelos.

### 1.1.3. CAMIÑO BAAMONDE – SOBRADO POR MIRAZ

#### Tramo O Marco das Pías – Sobrado

Tras entrar no termo municipal, o camiño que ven de Baamonde pasando por Miraz atravesa o núcleo de O Marco das Pías, seguindo o trazado da estrada AC-938. Continúa pola estrada durante dous quilómetros e medio, seguindo un trazado paralelo ao curso do río Mandeo, que ten o seu nacemento na Fonte Fieira ao norte do punto no que o camiño entra en terras de Sobraado.

O camiño deixa ao norte o núcleo de Vilariño e atravesa o de O Mesón. Antes de saír deste núcleo, de configuración lineal, desvíase á dereita pola pista que atravesa A Esgueva. Ao final do núcleo colle un camiño de terra a esquerda que bordea polo norte o Castro da Lagoa, cruza o lugar de A Lagoa e continúa por un camiño bordeado de arbores que vai entre as leiras ata chegar a A Anuqueira.

O trazado continúa entre agros ata encontrarse de novo coa estrada AC-938 ao oeste de O Lodeiro da Porta. Segue pola estrada e atravesa Gutizá. Catrocentos metros despois de este núcleo colle un camiño á dereita que vai paralelo á estrada ata a Lagoa de Sobrado.

Pasada a Lagoa segue pola estrada para, trescentos metros despois, seguir por un camiño á esquerda que pasa xunto ás primeiras casas da Porqueriza, continúa por A Carreira e entra en Sobraado polo camiño que vai polo norte do Mosteiro.

### 1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO

A proposta de trazado do camiño parte das informacións históricas sobre as rutas utilizados polos peregrinos que arribaban aos portos cantábricos e seguían o camiño a pé cara a Santiago de Compostela. Entre as varias descripcións do camiño realizadas por peregrinos a través da historia a que refire con maior detalle o trazado do camiño Norte é a realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq, que fixo a súa viaxe a Santiago no ano 1790. No seu texto se indica o paso polos seguintes lugares identificables na cartografía histórica: Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Parga, Grixalba, San Bartolomé de la Mota e Sta. Igrexa (quizá unha referencia as dúas igrexas de Sabugueira xunto a A Lavacolla). As referencias ás edificacións e outros elementos vinculados ao camiño, como poden ser os hospitais de peregrinos establecidos ao longo do seu percorrido, serven para establecer e corroborar o seu trazado. Do mesmo xeito a relación co fenómeno da peregrinación dalgúns topónimos e microtopónimos permiten confirmar zonas e puntos de paso do camiño.

Para a definición da traza pártese da análise da cartografía histórica, sobre a que é posible identificar os antigos camiños reais, cuxo trazado pódese considerar herdeiro do dos antigos camiños de longo percorrido utilizados dende finais da Idade Media.

Nun seguinte paso realizase aproximación mais precisa, buscando a identificación dos trazados históricos no viario aínda existente na actualidade. Isto realizaase mediante o estudo das fotografías aéreas do voo dos anos 1956-57 (Voo Americano) e a súa comparación cas fotografías aéreas actuais e os planos catastrais actuais e históricos, nos que é posible identificar camiños perdidos que seguen sendo de propiedade pública ou formas do parcelario que denotan a presenza de antigos trazados.

A delimitación definitiva da traza levase a cabo trala comprobación sobre o terreo das hipótese formuladas con anterioridade. Para isto levouse a cabo unha intensa labor de traballo de campo, que

inclúe a documentación fotográfica do territorio que percorre o camiño e a recompilación de testemuñas dos veciños dos lugares da súa contorna, mediante metodoloxía etnográfica.

#### 1.2.1. O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA


Os referentes principais para a definición do trazado dos camiños polos que transcorría o Camiño Norte dende a idade Moderna son a Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán, do ano 1845 e os planos provinciais de Lugo e A Coruña de Pascual Madoz dos anos 1864 e 1865 respectivamente. Nestes planos recóllese con precisión os camiños que no tempo de Fontán aínda atopábanse en uso e que en liñas xerais coincidirían cos trazados dos camiños fixados dende finais da Idade Media.

Como documento anterior á Carta de Domingo Fontán que contribúe a corroborar a validez dos planos antes sinalados utilízase o Plano do Bispado de Mondoñedo do ano 1764 realizado por José Cornide no que figura con precisión o trazado do Camiño entre Ribadeo e Grixalba, no concello de Sobrado.

#### Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)

Entre Villalba e Vaamonde figura o trazado dun camiño que vai paralelo ao río Ladra ao seu oeste. Neste tramo aparece próximo ao camiño o topónimo de Alba.

Despois de pasar o río Parga o camiño continúa por Parga, Vilar, Negradás e Grixalba. Sobre el trazado aparece indicado "Camino de Santiago". Ao sur do camiño separado de este aparece Sobrado.




Plano do Bispado de Mondoñedo de José Cornide (1764)

### Mapa del Reino de Galicia de José Cornide (1762)

No Mapa do Reino de Galicia de José Cornide se representa maneira xeral a totalidade do trazado do Camiño Norte entre Ribadeo e Santiago de Compostela, o que permite completala parte do camiño que non figura no Plano do Bispado de Mondoñedo, do mesmo autor.

Neste plano o camiño que viña de Mondoñedo e Vilalba se cruza co camiño de Lugo a Betanzos a altura de Baamonde, tras cruzar o río Parga o trazado pasa por Parga, Présaras e Boimorto. Entre Boimorto e Santiago os puntos de paso e a localización das parroquias sinaladas son imprecisas. Ao leste de Boimorto aparece sinalando un santuario que probablemente se trate da ermida da Mota, ao lado do símbolo aparece o nome Benbejo, debaixo deste figura a referencia á parroquia de Calvos (San Martiño de Calvos de Sobrecamiño), a continuación aparecen os topónimos de Oines (actual Oíns), Medín, Carballal (Lamas de Carballal) e Sabugueira (San Paio de Sabugueira, A Lavacolla), sinalando mais que puntos de paso precisos o territorio polo que atravesa o camiño.




Mapa del Reino de Galicia de José Cornide (1762)

### Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Pasado Baamonde, os peregrinos debían cruzar o río Parga pola ponte de San Alberto para continuar camiño cara a Santiago. No trazado recollido na Carta de Fontán o camiño pasaba por San Breijome de Parga (San Breixo) e Puebla de Parga, seguía polo leste de Vilar e Torquedo e despois por Castiñeiro, antes de atravesar a Serra da Cova da Serpe e entrar no actual municipio de Sobrado. O trazado continuaba pasando por Grijalva e Las Cruces, deixaba ao oeste Vilariño, cruzaba o río Tambre pola ponte de San Pedro, pasaba ao oeste de Folgoso lugar no que se unía co camiño de Santiago a Sobrado.

Seguía por este camiño en dirección a Santiago pasando por Boimorto, San Bartomomé de la Mota e Las cinco Calles, xa no actual termo municipal de Arzúa.




Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

### Planos das provincias de Lugo e A Coruña de Francisco Coello y Pascual Madoz (1864-65)

Pasado Baamonde, os peregrinos tiñan con continuar un treito polo camiño real que unía Lugo con Betanzos, cuxo trazado nesta zona coincide con da actual estrada N-VI, para chegar ata a ponte de San Alberto, da que partía un camiño que pasaba por San Brejome de Parga (S. Breixo de Parga), Puebla de Parga, continuaba polo sur de Ferreira, vilar (Vilar), Torquedo (O Torguedo) e pasaba por Castiñeira, antes de cruzar a Serra da Cova da Serpe para entrar na provincia da Coruña.

Tras atravesar a Serra da Cova da Serpe, o trazado do camiño que figura neste plano pasa por Grijalba, cruza o río Mandeo e a continuación atravesa Las Cruces de Sobrado. Vai polo sureste de Vilariño e Présaras, e ao norte de Folgoso. Pasa pola contorna de Boimil e atravesa Boimorto, para cruzar o límite deste municipio ao sur de Mercurín. O camiño continúa pasando por a Capela de San Bartolomé de la Mota, , Cinco Calles, Medín, San Gregorio e San Andrés.



Montaxe dos planos das provincias de A Coruña e Lugo de Francisco Coello e Pascual Madoz (1864)

## 1.2.2. PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO

### Trazado entre A Ponte de San Alberte e Boimil

Entre a zona na que se sitúa a Ponte de San Alberte, no treito entre Baamonde e Parga e Boimil, no concello de Boimorto prodúcese unha importante variación na traza do camiño ao incorporar o antigo trazado que vai pola Pobra de Parga, O Monte do Peregrin, Grixalva, As Cruces, Vilariño, A Pointe de San Pedro e A Ponte Présaras; pasando polas parroquias de San Breixo de Parga, San Estevo de Parga, Santa María de Vilar e San Vicente das Negradas, no concello de Guitiriz; San Xulián de Grixalva e Santa María de Cidadela, no concello de Sobrado; Santa María de Vilariño, no concello de Vilasantar; Santa Cristina de Folgoso, de novo en Sobrado e San Miguel de Boimil, en Boimorto. Así mesmo se incorpora o camiño que unía As Cruces con Sobrado.

Atendendo á consolidación do trazado que une A Ponte de San Alberte con Boimil, pasando por Sobrado, sinalizado pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e coincidente co que figura no expediente posto a exposición pública pola Xunta de Galicia no ano 1997, manteñese igualmente como trazado do camiño. Este trazado pasa polas parroquias de San Breixo de Parga e Santa Locaia de Parga, no concello de Guitiriz; San Pelaxio de Seixón, Santiago de Miraz, San Pedro de Anafreita, San Mamede de Nodar e Santa María de Silvela, no concello de Friol; San Miguel de Codesoso, San Pedro da Porta e San Lourenzo de Carelle no concello de Sobrado e Santa María dos Ángeles e San Miguel de Boimil, no de Boimorto.



Variación do trazado do Camiño entre A Ponte de San Alberte e Boimil

Trazado do Camiño


Trazado S. A. de Xestión do Plan Xacobeo

coincidente con trazado Xunta de Galicia 1997  
mantido como trazado do camiño na proposta

## 2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

### Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño no Concello de Sobrado

- Moi Boa
- Boa
- Media
- Mala
- Moi mala

### 3. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno mais próximo. Os valos e noiros que definen os seus límites; a vexetación vinculada ao Camiño: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, palleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe mais afastado.

Para a realización da delimitación pártese dunha banda a cada lado do Camiño dun ancho mínimo de cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. A delimitación pode verse incrementada para englobar árees de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico. Puntualmente en función das características do parcelario ou das edificacións situadas á beira do camiño a delimitación do ámbito de protección pode ter zonas mais estreitas, pero estas sempre terán un ancho superior ao da franxa de trinta metros de protección do contorno definida pola Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.

Co obxecto de que o perímetro do ámbito do territorio histórico sexa identificable de xeito sinxelo sobre o terreo, este sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilizanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Sobrado o ámbito do territorio histórico abrangue partes do territorio das parroquias polas que pasa o Camiño: San Xulián de Grixalba, San Xulián de Cumbraos, Santa María da Cidadela, San Pedro de Porta, San Lourenzo de Carelle e Santa Cristina de Folgoso.

#### 3.1. CAMIÑO PARGA-BOIMORTO

##### Tramo Serra da Cova da Serpe – Monte da Torre

Na zona próxima ao lindo co termo municipal de Guitiriz, nas terras denominados Pena de Ramón, Outeiro das Pedras e As Covñas, amplíase o ámbito do territorio histórico cara ao sur, ata o regato Bodueiro, para incorporar os conxuntos de mámoas de Outeiro das Pedras, Pena da Silva, Chousa da Mámoa, Pena do Serrón e Ramón. Así mesmo nesta zona queda englobado pola delimitación do lugar de Ramón.

No seguinte tramo a vólvese a ampliar a delimitación para incorporar o grupo de mámoas de A Gandara, ao sur do camiño, e os grupos de mámoas de O Aguillón e do Monte da Estrela, ao norte. Nesta zona tamén se inclúe dentro da delimitación o lugar de A Lagoa.

Entre Porto Paraños e A Ponte de Suavila a delimitación inclúe tanto a protección do trazado como a do trazado con vestixios históricos situado ao norte deste. Neste tramo se inclúen ademais os núcleos de Vilachá, O Porto de Abaixo, Paraños, O Coto, Suavila e A Pena Grande, Grixalva. A delimitación deste treito abrangue, así mesmo, a protección da Mámoa de Suavila, ao norte do trazado.

Pasado Grixalva o ámbito engloba os perímetros de protección dos castros de Penagrande, ao sur de Grixalva, e do Casto de Santó, ao outro lado do camiño, en cuxa delimitación inclúese tamén a do lugar de Santó.

En As Cruces, a delimitación comprende tanto o perímetro do núcleo como a do Castro de Santé, situado ao su sueste, e o lugar de A Torre.

Ao chegar ao límite do termo municipal, no Monte da Torre, amplíase a delimitación ao norte e ao sur do trazado, co obxecto de incorporar os ámbitos de protección das Mámoas de Fanegas, situadas xa no concello de Vilasantar.

##### Tramo Barcio – O Mesón, A Ponte Présaras

No tramo comprendido entre o límite co concello de Vilasantar, na zona chamada Fonte do Rego de Bouzas, e límite con concello de Boimorto, en O Mesón, o ámbito do territorio histórico abrangue os núcleos de Barcoi, A Ponte de San Pedro e O Mesón. O tramo do camiño que vai polo Monte Eitridola coincide co límite entre os concellos de Sobrado e Vilasantar, e parte do seu ámbito de protección está situado dentro deste último concello.

Do mesmo xeito no tramo entre O Mesón e Os Feás o camiño vai pola beiraría da estrada AC-840, que nesta zona sinala o límite entre os concellos de Sobrado e Boimorto, co cal parte da delimitación do territorio histórico está dentro do concello de sobrado a pesar de que o camiño se encontra xa dentro do concello de Boimorto. Esta delimitación, que coincide co curso de regato do Batán, estendese cara ao sur para incorporar o ámbito de protección do xacemento de Monte de Arriba.

#### 3.2. CAMIÑO AS CRUCES – SOBRADO - BOIMORTO

##### Tramo As Cruces – Sobrado

A delimitación do territorio histórico da variante que sae das Cruces cara a Sobrado vese ampliada en dirección leste para englobar o ámbito de protección do Castro de Sante.

Entre as proximidades de Casacamiño e Carral o trazado vai durante case un quilometro e medio pola beira vía da estrada AC-231. Neste tramo a delimitación do ámbito de protección comprende, polo xeral, as parcelas que dan fronte á estrada, a excepción de aqueles casos en que estas son moi pequenas. A delimitación ten por obxecto o mantemento e a mellora das condicións ambientais da contorna da estrada, así como a realización de actuacións tendentes a mellora das condicións de seguridade dos peregrinos. Na delimitación deste treito inclúese, ademais do núcleo de Carral, o de A Medoña.

Entre Carral e O Amilladoiro o trazado vai por un camiño tradicional cun alto interese paisaxístico. A liña de delimitación ao oeste do camiño engloba as primeiras fincas situadas xunto a el, co obxecto de protexer os seus valores paisaxísticos: o arborado autóctono e os valos que configuran o trazado. A delimitación que vai polo leste, cumprindo os mesmos obxectivos, se amplía para incorporar o conxunto da Igrexa de San Xiao de Cumbraos e o Pazo de Cumbraos, o núcleo de O Outeriro, ao sur de estes, e o Castro de Cumbrados.

Á entrada en Sobrado a delimitación vese ampliada para incluír os terreos do Pazo de Grado, ao leste, que se continúan nos terreos do Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes, ao sur; e as parcelas situadas á beira da variante que, partindo de O Amilladorio, vai polo Campo Francés e A Alvariza, ao oeste.

### Tramo Sobrado – Pena de Madelos

Á saída de Sobrado o ámbito do territorio histórico incrementase a ambos os dous lados do camiño para incorporar os terreos do Mosteiro, ao leste, e o castro de Vilanova, ao oeste. Pasado o castro, a delimitación polo norte segue o curso do río Tambre, incorporando os núcleos de A Pontepedra, Vilarchao e os Muiños de Pura en Entrerríos.

Mil catrocentos metros mais adiante de Vilarchao o ámbito volve a ampliarse para incorporar as delimitacións dos castros de O Cruceiro, As Castronelas e de Froxá, todos ao norte do trazado, e os núcleos de Campelos, O Seixo, A Igrexa (San Lourenzo de Carelle), A Froxá e A Casanova.

Novecentos metros despois de A Casanova a delimitación engloba o núcleo de Madelos, e a continuación se amplía en dirección norte para incorporar o perímetro de protección do Castro de Revillón, no límite co concello de Boimorto.

### 3.3. CAMIÑO BAAMONDE – SOBRADO POR MIRAZ

#### Tramo O Marco das Pías - Sobrado

Neste tramo do camiño que ven do concello de Friol, a paisaxe se caracteriza pola abundancia de terreos de cultivo organizados seguindo o parcelario tradicional. A delimitación ten por obxecto a protección das condicións ambientais do camiño e da paisaxe que dende el se divisa.

Dentro do tramo quedan situados dentro do ámbito do territorio histórico os núcleos ou lugares de O Marco das Pías, Vilariño, O Mesón, A Esgueva, Muradelo, A Lagoa, A Anuqueira, O Lodeiro de A Porta, Guitizá, A Porcariza e A Carreira, Xa no ámbito do núcleo de Sobrado.

Ao sueste de O Mestá está situado o Castro de Os Cotós, cuxo ámbito de protección queda incorporado á delimitación do territorio histórico. Do mesmo modo a delimitación do Castro da Lagoa, situado entre Muradelo e A Lagoa queda incorporado ao ámbito de protección.

Na contorna da Lagoa de Sobrado a delimitación do ámbito do territorio histórico vese do mesmo xeito aumentada para incorporar o perímetro do solo de protección de espazos naturais da lagoa.

### 4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

#### Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Castro de Santé	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Castro	580906	4769847
Castro de Penagrande	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Castro	582230	4771240
Mámoa da Chousa da Mama	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585640	4772700
Mámoa do Outeiro das Pedras 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584552	4772800
Mámoa de Uceira	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584240	4772800
Mámoa de Rañón 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo con cámara	585740	4773700
Mámoa de Rañón 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	586368	4773380
Mámoa de Pena Serrón 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	586199	4772711
Mámoa de Pena Serrón 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	586270	4772620
Mámoa de Suavila	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo con cámara	582300	4772300
O Castro de Santó	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Castro	581475	4771435
Mámoa de A Gándara 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583600	4771820
Mámoa de A Gándara 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583630	4771830
Mámoa de A Gándara 3	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583680	4771863
Mámoa de A Gándara 4	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583914	4771885
Mámoa da Pena da Silva 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585430	4772800
Mámoa da Pena da Silva 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo con cámara	585420	4772790
Mámoa da Pena da Silva 3	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585250	4772700
Mámoa do Outeiro das Pedras 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584590	4772540
Mámoa do Outeiro das Pedras 3	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584750	4772450
Mámoa do Outeiro das Pedras 4	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584680	4772410
Mámoa do Outeiro das Pedras 5	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584299	4772330
Mámoa de O Aguillón 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583553	4773099
Mámoa de O Aguillón 3	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583817	4773040
Mámoa de O Aguillón 4	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583630	4773367
Mámoa de O Aguillón 5	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583740	4773280
Mámoa de O Aguillón 7	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583620	4773320
Mámoa do Monte da Estrela 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583460	4773490
Mámoa do Monte da Estrela 3	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583480	4773430
Mámoa do Monte da Estrela 4	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583490	4773410
Mámoa do Monte da Estrela 5	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	583480	4773440
Mámoa do Cruceiro de Rañón 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	586072	4773828
Mámoa do Cruceiro de Rañón 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	586133	4773740
Mámoa de O Golpello 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	584265	4772295
As Mámoas 1	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585900	4772800

As Mámoas 2	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585907	4772748
As Mámoas 3	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585920	4772700
Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
As Mámoas 4	Grixalba	Grixalba (San Xulián)	Túmulo/Mámoa	585950	4772742
Capela do Cruceiro da Corda	A Cidadela	A Cidadela (Santa María)	Ermida/Capela	579410	4770093
Castro de Revillón	Folgoso	Folgoso (Santa Cristina)	Castro	574571	4763587
Castro de Cumbrasos	Cumbrasos	Cumbrasos (San Xulián)	Castro	580460	4767720
Castro de Vilanova	Porta	Porta (San Pedro)	Castro	578867	4765541
Castro	Porta	Porta (San Pedro)	Castro	579352	4765750
Igrexa Parroquial de S. Pedro	Porta	Porta (San Pedro)	Relixiosa	579767	4765877
Mosteiro Sta. María	Porta	Porta (San Pedro)	Relixiosa	579750	4765776
Pazo de Gado	Porta	Porta (San Pedro)	Civil	579982	4766303
Casa da Alvariza	Porta	Porta (San Pedro)	Civil	579498	4766093
Casa das Audiencias	Porta	Porta (San Pedro)	Civil	579735	4765937
Escola Unitaria de Casiñas	Porta	Porta (San Pedro)	Civil	579740	4766144
Casa con inscripcións	Porta	Porta (San Pedro)	Civil	579841	4766651
Praza Pública do Mosteiro	Porta	Porta (San Pedro)	Praza	579714	4765870
Cruceiro da Praza do Mosteiro	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579713	4765878
Cruceiro do Xardín do Mosteiro	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579685	4765714
Cruceiro na finca do Mosteiro	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579694	4765753
Cruceiro da Alvariza	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579526	4766115
Cruceiro de Guitizá	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	581524	4765539
Cruceiro do Pazo de Gado	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579988	4766293
Cruceiro de Pontepedra	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579091	4765288
Cruceiro Amilladoiro	Porta	Porta (San Pedro)	Cruceiro	579885	4766618
Hórreo do Pazo de Gado	Porta	Porta (San Pedro)	Hórreo	579948	4766265
Pombal do Pazo de Gado	Porta	Porta (San Pedro)	Outros	580047	4766275
Muíño a carón do Mosteiro	Porta	Porta (San Pedro)	Muíño	579825	4765824
Muíño Pontepedra	Porta	Porta (San Pedro)	Muíño	579026	4765180
Murños de Pura en entrerriós	Porta	Porta (San Pedro)	Muíño	578415	4765051
Pontepedra	Porta	Porta (San Pedro)	Ponte	579036	4765259
Castro do Cruceiro	Carelle	Carelle (San Lourenzo)	Castro	577081	4763821
As Castronelas	Carelle	Carelle (San Lourenzo)	Castro	576628	4763478
Castro de Froxa	Carelle	Carelle (San Lourenzo)	Castro	575953	4763703
Igrexa Parroquial de S. Lourenzo	Carelle	Carelle (San Lourenzo)	Relixiosa	576635	4763407
Cruceiro S. Lourenzo	Carelle	Carelle (San Lourenzo)	Cruceiro	576583	4763410

5. ANEXO FOTOGRÁFICO



Tramo: Serra da Cova da Serpe –  
Monte da Torre




CNCA1101001.JPG



CNCA1101002.JPG



CNCA1101003.JPG



CNCA1101004.JPG



CNCA1101005.JPG



CNCA1101006.JPG



CNCA1101007.JPG



CNCA1101008.JPG



CNCA1101009.JPG



CNCA1102001.JPG



CNCA1102002.JPG



CNCA1102003.JPG



CNCA1102004.JPG



CNCA1102005.JPG



CNCA1102006.JPG



CNCA1102007.JPG



CNCA1102008.JPG



CNCA1103001.JPG



CNCA1103002.JPG



CNCA1103003.JPG



CNCA1103004.JPG



CNCA1103005.JPG



CNCA1103006.JPG



CNCA1104001.JPG



CNCA1104002.JPG



CNCA1104003.JPG



CNCA1104004.JPG



CNCA1104005.JPG



CNCA1104006.JPG



CNCA1104007.JPG



CNCA1104008.JPG



CNCA1104009.JPG



CNCA1104010.JPG



CNCA1105001.JPG



CNCA1105002.JPG



CNCA1106001.JPG



CNCA1106002.JPG



CNCA1106003.JPG



CNCA1107001.JPG



CNCA1107002.JPG



CNCA1107003.JPG



CNCA1107004.JPG



CNCA1107005.JPG



CNCA1107006.JPG



CNCA1107007.JPG



CNCA1107008.JPG



CNCA1108001.JPG



CNCA1109001.JPG



CNCA1110001.JPG



CNCA1110002.JPG



CNCA1111001.JPG



CNCA1111002.JPG



CNCA1111003.JPG



CNCA1111004.JPG



CNCA1111005.JPG



CNCA1111006.JPG



CNCA1111007.JPG



CNCA1113001.JPG



CNCA1113002.JPG



CNCA1113003.JPG



CNCA1113004.JPG



CNCA1113005.JPG



CNCA1113006.JPG



CNCA1114001.JPG



CNCA1114002.JPG



CNCA1114003.JPG



CNCA1114004.JPG



CNCA1114005.JPG



CNCA1115001.JPG



CNCA1115002.JPG



CNCA1115003.JPG



CNCA1115004.JPG



CNCA1115005.JPG



CNCA1115006.JPG



CNCA1116001.JPG



CNCA1116002.JPG



CNCA1116003.JPG



CNCA1116004.JPG



CNCA1116005.JPG



CNCA1116006.JPG



CNCA1116007.JPG



CNCA1117001.JPG




CNCA1117002.JPG



CNCA1117003.JPG



CNCA1117004.JPG



CNCA1117005.JPG



CNCA1117006.JPG



CNCA1117007.JPG



CNCA1117008.JPG



CNCA1117009.JPG



CNCA1117010.JPG



CNCA1117011.JPG



CNCA1118001.JPG



CNCA1118002.JPG



CNCA1118003.JPG



CNCA1118004.JPG



CNCA1118005.JPG



CNCA1118006.JPG



CNCA1118007.JPG



CNCA1118008.JPG



CNCA1118009.JPG



CNCA1118010.JPG



CNCA1118011.JPG



CNCA1118012.JPG



CNCA1118013.JPG



CNCA1118014.JPG



CNCA1118015.JPG



CNCA1118016.JPG



CNCA1118017.JPG



CNCA1118018.JPG



CNCA1118019.JPG



CNCA1118020.JPG



CNCA1118021.JPG



CNCA1118022.JPG



CNCA1118023.JPG



CNCA1118024.JPG



CNCA1118025.JPG



CNCA1118026.JPG



CNCA1119001.JPG



CNCA1120001.JPG



CNCA1120002.JPG



CNCA1120003.JPG



CNCA1120004.JPG



CNCA1120005.JPG



CNCA1120006.JPG



CNCA1120007.JPG



CNCA1121001.JPG



CNCA1121002.JPG



CNCA1121003.JPG




CNCA1121004.JPG



CNCA1121005.JPG



CNCA1121006.JPG



CNCA1121007.JPG



CNCA1121008.JPG



CNCA1121009.JPG



CNCA1122001.JPG



CNCA1122002.JPG



CNCA1122003.JPG



CNCA1122004.JPG



CNCA1122005.JPG



CNCA1122006.JPG



CNCA1122007.JPG



CNCA1122008.JPG



CNCA1122009.JPG



CNCA1123001.JPG



CNCA1124001.JPG



CNCA1124002.JPG



CNCA1124003.JPG



CNCA1124004.JPG



CNCA1124005.JPG



CNCA1124006.JPG



CNCA1124007.JPG



CNCA1124008.JPG



CNCA1124009.JPG



CNCA1124010.JPG



CNCA1124011.JPG



CNCA1124012.JPG



CNCA1124013.JPG



CNCA1124014.JPG



CNCA1124015.JPG



CNCA1124016.JPG



CNCA1124017.JPG



CNCA1124018.JPG



CNCA1124019.JPG



CNCA1124020.JPG



CNCA1124021.JPG



CNCA1124022.JPG



CNCA1124023.JPG



CNCA1124024.JPG



CNCA1124025.JPG



CNCA1125001.JPG



CNCA1125002.JPG



CNCA1126001.JPG



CNCA1126002.JPG



CNCA1127001.JPG



CNCA1127002.JPG



CNCA1127003.JPG



CNCA1128001.JPG



CNCA1128002.JPG



CNCA1128003.JPG



CNCA1128004.JPG



CNCA1128005.JPG



CNCA1129001.JPG



CNCA1129002.JPG



CNCA1130001.JPG



CNCA1130002.JPG



CNCA1130003.JPG



CNCA1130004.JPG



CNCA1130005.JPG



CNCA1130006.JPG



CNCA1130007.JPG



CNCA1130008.JPG



CNCA1130009.JPG



CNCA1130010.JPG



CNCA1130011.JPG



CNCA1130012.JPG



CNCA1130013.JPG



CNCA1130014.JPG



CNCA1131001.JPG



CNCA1131002.JPG







CNCA1133002.JPG



CNCA1133003.JPG



CNCA1133004.JPG



CNCA1133005.JPG



CNCA1133006.JPG



CNCA1134001.JPG



CNCA1134002.JPG



CNCA1134003.JPG



CNCA1134004.JPG



CNCA1134005.JPG



CNCA1134006.JPG



CNCA1134007.JPG



CNCA1134008.JPG




CNCA1134009.JPG



CNCA1134010.JPG



CNCA1134011.JPG



CNCA1134012.JPG



CNCA1134013.JPG



CNCA1134014.JPG



CNCA1134015.JPG



CNCA1134016.JPG



CNCA1134017.JPG



CNCA1134018.JPG



CNCA1134019.JPG



CNCA1134020.JPG



CNCA1134021.JPG



CNCA1134022.JPG



CNCA1134023.JPG



CNCA1134024.JPG



CNCA1134025.JPG



CNCA1134026.JPG




CNCA1134027.JPG



CNCA1134028.JPG



CNCA1134029.JPG



CNCA1134030.JPG



CNCA1135001.JPG



CNCA1135002.JPG



CNCA1135003.JPG



CNCA1135004.JPG



CNCA1135005.JPG

Tramo: O Marco das Pías –  
Sobrado



CNCA1135006.JPG



CNCA1135007.JPG



CNCA1135008.JPG



CNCA1135009.JPG



CNCA1135010.JPG



CNCA1135011.JPG



CNCA1135012.JPG



CNCA1135013.JPG



CNCA1135014.JPG



CNCA1135015.JPG



CNCA1135016.JPG



CNCA1135017.JPG



CNCA1135018.JPG



CNCA1135019.JPG



CNCA1135020.JPG



CNCA1135021.JPG



CNCA1135022.JPG



CNCA1135023.JPG



CNCA1135024.JPG



CNCA1135025.JPG



CNCA1135026.JPG



CNCA1135027.JPG



CNCA1135028.JPG



CNCA1135029.JPG



CNCA1135030.JPG



CNCA1135031.JPG



CNCA1135032.JPG



CNCA1135033.JPG



CNCA1135034.JPG



CNCA1135035.JPG



CNCA1135036.JPG



CNCA1135037.JPG



CNCA1135038.JPG



CNCA1135039.JPG



CNCA1135040.JPG



CNCA1135041.JPG



CNCA1135042.JPG



CNCA1135043.JPG



CNCA1135044.JPG



CNCA1135045.JPG



CNCA1135046.JPG



CNCA1135047.JPG



CNCA1135048.JPG



CNCA1135049.JPG



CNCA1135050.JPG



CNCA1135051.JPG



CNCA1135052.JPG



CNCA1135053.JPG



CNCA1135054.JPG



CNCA1135055.JPG



CNCA1135056.JPG



CNCA1135057.JPG



CNCA1135058.JPG



CNCA1135059.JPG



CNCA1135060.JPG



CNCA1135061.JPG



CNCA1135062.JPG



CNCA1135063.JPG



CNCA1135064.JPG



CNCA1135065.JPG



CNCA1135066.JPG



CNCA1135067.JPG



CNCA1135068.JPG



CNCA1135069.JPG



CNCA1135070.JPG



CNCA1135071.JPG



CNCA1135072.JPG



CNCA1135073.JPG



CNCA1135074.JPG



CNCA1135075.JPG



CNCA1135076.JPG



CNCA1135077.JPG



CNCA1135078.JPG



CNCA1135079.JPG



CNCA1135080.JPG



CNCA1135081.JPG



CNCA1135082.JPG



CNCA1135083.JPG



CNCA1135084.JPG



CNCA1135085.JPG



CNCA1135086.JPG



CNCA1135087.JPG



CNCA1135088.JPG



CNCA1135089.JPG

6. ANEXO PLANOS